

“TAKE CARE OF YOU, TAKE CARE OF US”

A.- Introducción.

Presentamos este proxecto como continuidade á liña de traballo recomendada por BE para o pasado curso na que a biblioteca escolar era un VIVEIRO DE CIDADANÍA.

A idea que preside todos os nosos proxectos, é que os nenos/as podan comprobar que aínda que cada curso presentamos e traballamos en proxectos diferentes, dalgún xeito, todos están conectados, os do curso pasado evolucionan cara a outros neste curso, reflexionando que as accións de cada un de nós repercuten nos demais.

Esas GOLDEN RULES (normas douradas) do curso pasado que nos amosaban o respecto entre iguais, diferentes e culturas, serven como punto de partida para o proxecto que agora presentamos.

B.- Xustificación.

A elección do lema reúne dúas características: Por unha banda afonda nesas palabras e xestos cotiás que inciden na convivencia diaria, nas formas de dirixirnos aos demais que reflicten un fondo máis profundo, no respecto polo modo en que cada cultura se relaciona entre si e coas outras, intentando que ese coñecemento sexa fructífero no seu crecemento persoal individual e colectivo.

Por outra banda, tal e como propón a convocatoria do Club de Letras este curso, faremos do **autocoidado** a plataforma desde a que estenderemos o **coidado** cara aos demais, (familias, escolas, sanitarios, ...), prestando especial atención ás **emocións** que a situación actual de pandemia fai aflorar nos nenos e nenas, nos tempos COVID que estamos a vivir.

C.- Nivel e área.

Desenvolveremos o proxecto nos 1º e 2º cursos de E.P. na área de plástica enmarcada no programa de sección bilingües, complementado co programa de auxiliares de conversa.

D.- Temporalización.

Ao longo de todo o curso escolar, nunha sesión semanal na área de plástica-

E.- Recursos.

Seguindo os protocolos establecidos polas autoridades competentes, evitaremos aqueles recurso manipulativos colectivos, respetando escrupulosamente as normas sanitarias.

- Ella Henderson: "Take care of you"
- <https://www.youtube.com/watch?v=Ynu-scMGU4>
- Everybody worries (Jon Burgerman, Ed. Oxfordowl)
- <https://www.youtube.com/watch?v=skbOQdsIKqk>
- My hero is you(IASC. Standford Medicine)
- My hero is you: <https://www.youtube.com/watch?v=FdO7MHICkys>
- <https://www.unicef.org/coronavirus/my-hero-you>
- <https://learnenglishkids.britishcouncil.org/video-zone/how-wash-your-hands>
- <https://www.youtube.com/watch?v=yHX60DyyuQ0>
- <http://www.pupas.org/2020/06/superheroes-contra-o-covid.html>

F.- Produto final.

O produto final do proxecto será positivo se ao remate do curso todas as normas de autoprotección, protección aos demais e manexo positivo das emocións dos demais como individuos e como sociedade quedan reflectidas no seu comportamento diario.

Cada neno/a elaborará o seu propio **libro das GOLDEN RULES** que presentará aos demais compañeiros/as da escola. Serán os protagonistas desas normas das que farán partícipes aos demais.

A web do centro será a canle na que daremos visibilidade ao noso proxecto, compartindo o mesmo con toda a comunidade educativa.

Será un proxecto participativo e interdisciplinar no que todos os membros da comunidade educativa amosan respecto por todos os demais, en particular, polos máis débiles na nosa sociedade.

G.- Proposta metodolóxica.

Baséase nunha dinámica activa, cooperativa e dinámica centrada na experiencia do alumnado, partindo dos seus intereses e coñecementos previos.

É unha proposta transversal na que inciden as áreas de plástica, lingua estranxeira, castelá, galega, música, ciencias sociais, naturais, TICs.

En función da evolución sanitaria, prevemos un desenvolvemento a través das aulas virtuais do centro, usando os recursos web que se propoñen no apartado V.- Recursos.

H.- Obxectivo xeral.

Coñecer as normas básicas de autoprotección e protección dos demais, en especial dos máis vulnerables, nestes tempos COVID.

I.- Obxectivos específicos.

- Coñecer as normas básicas de autoprotección e protección cara aos demais.
- Diferenzas entre o comportamento actual na nosas vidas cotiás e anterior ao COVID.
- Vocabulario referido ás normas de coidado persoal e social.
- Comportamentos sociais na familia e na escola.
- Posta en práctica desas fórmulas de comportamento social.
- Chegar á conclusión que o respecto aos demais pasa polo respecto a un mesmo.
- Por en valor a profesión dos sanitarios/as.

J.- Bloques de contidos.

Bloque 1.- Educación audiovisual.

- Visionado de imaxes que nos fagan reflexionar sobre o noso comportamento individual neste tempo de pandemia
- Búsqueda na rede dos títulos “Everybody worries” e “My hero is you”..
- Música asociada ao proxecto “Take care of you”.
- Visionado do vídeo “How wash your hands” e “The great race”.

Bloque 2.- Expresión artística.

- Descrición verbal dos sentimentos xurdidos tras o visionado do libro “Everybody worries”
- Cores, texturas, tamaños e formas nesa obra.

- Instrucións para a elaboración das GOLDEN RULES e da cloak dos Superheroes.
- Experimentación coas formas e texturas.
- Elaboración das súas propias cloaks.
- Traballo cooperativo

Bloque 3.- Debuxo realista.

- Proporción e deseño nas cloaks e nas Golden rules.

K.- Competencias básicas.

- Comunicación lingüística: Todo o proxecto.
- Comunicación cultural e artística: Fomentaremos o coñecemento da lingua estranxeira baseándonos na interculturalidade e o respecto por as formas de comportamento social na época de pandemia.
- Competencia social e cidadá: Teremos en conta a valía como persoas e a súa contribución ao grupo como sociedade. Fomentaremos o traballo cooperativo, mediando nos conflitos da convivencia e axudando a resolvelos con actitude constructiva. Centrarémonos no respecto aos compañeiros/as e educación para a igualdade, non discriminatoria por calquera razón, incluída a sanitaria (enfermos ou non de COVID).
- Competencia dixital: Uso da rede para buscar información sobre a COVID e o coidado persoal e social.
- Aprender a aprender: É quen de seleccionar a información axeitada aoproxecto.
- Sociais e cívicas: Seguir normas, instrucións e comportamentos cidadáns que respeten aos outros/as.
- Conciencia e expresións culturais: Respeto polas distintas formas de sociedades

L.- Actividades.

L.1.- Actividades iniciais.

- Sabedes por que non estivemos na escola boa parte do curso pasado?
- Temos o mesmo comportamento na escola que noutros cursos?
- Que facemos de xeito diferente?
- Todas as persoas que vemos fan o mesmo que todos/as nós?
- Que vos parece que teñamos que facer todas esas cousas?

L.2.- Actividades específicas do proxecto.

- Resposta ás preguntas anteriores.
- Presentación da canción “Take care of you” como banda sonora do noso proxecto asociada ao título do mesmo.
- Lectura do conto “Everybody worries” e vídeo do mesmo proposto nos recursos para reflexionar sobre as súas emocións no tempo de confinamento e na volta á escola.
- Asociado ao título do seu libro de texto, HEROES, presentación da historia “My hero is you”, na que o foco está posto na distancia de seguridade, ao tempo que se visualizan distintas culturas e capacidades dos nenos/as.
- “How wash your hands”, visionado da canción na que se amosa o mellor xeito de lavar as mans.
- “The great race”, a importancia de levar a máscara.
- Elaboración das GOLDEN RULES xerais entre todos/as, entendendo que as mesmas contribúen a un mellor entendemento, convivencia e respecto entre todos nós.
- Elaboración dun libro das GOLDEN RULES entendendo que o seu xeito de comportarse na nosa minisociedade que non é outra que o propio centro escolar, debe ser modelo de comportamento na macrosociedade na que todos/as vivimos.
- Intentar levar esas actitudes positivas a súa familia e entorno máis próximo.

L.3.- Outras actividades.

- Día Internacional contra a violencia de xénero.
- Alimentación saudable e sostible.
- Programa Pupas COVID, proxecto Heroes contra o coronavirus.

L.4.- Avaliación

Para avaliar o resultado do proxecto elaboraremos unha táboa con aquelas cuestión que máis nos interesa valorar.

A experiencia resultou satisfactoria?	
Cal foi o sentir do alumnado?	
Os nenos/as foron protagonistas?	
Participaron as familias?	
O alumnado expuxo o seu proxecto?	
Foi axeitada a temporalización?	

Acadáronse os obxectivos específicos propostos?	
As actividades resultaron atractivas?	
Os recursos proporcionados pola biblioteca foron axeitados?	
A metodoloxía de aprendizaxe por proxectos resulta ben?	
Desenvolvemos as comp. clave iniciais?	
O proxecto sae da escola?	